

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0P5	Expediente CON/5/2016	



## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 48.708,80 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 12/07/2016, ás 9:30 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Jorge Duarte Vázquez.

**Vocais:** D. Rafael Peña representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.

D. Enrique Vázquez Naveira, director centros socioculturais.

Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes das empresa ATLANTIC PONTE 2000 SLU e ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	01/07/2016	32.611	ATLANTIC PONTE 2000 SLU
2	02/07/2016	32.724	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.
3	04/07/2016	32.851	SERVIPLUSTOTAL SL (*)
4	05/07/2016	33.145	ESPROADE S.L. (*)

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros/ano IVA excluído)
1	ATLANTIC PONTE 2000 SLU	47.999
2	ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.	46.873'88
3	SERVIPLUSTOTAL SL (*)	45.588
4	ESPROADE S.L. (*)	48.600



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0P5	<i>Expediente</i> CON/5/2016	

15078DCON10I0P5o



A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:52 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
Documento CON10I0P5	Expediente CON/5/2016	

15078DCON10I0P5o



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 48.708,80 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 26 de xullo 2016, ás 9:15 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. Branca Novo Rey.

**Vocais:** D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.  
D. Enrique Vázquez Naveira, director centros socioculturais.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que, quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador SERVIPLUS TOTAL SL.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **SERVIPLUS TOTAL SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **45.588 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**



Enrique Vázquez Naveira

## INFORMA:

Que o pasado martes, 12 de xullo, tivo lugar a mesa de contratación do Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela (expediente CON/5/2016).

Para o servizo citado, presentáronse catro posibles empresas adxudicatarias e logo da apertura do sobre 2 *Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes*, a valoración é a seguinte:

### 1. OFERTA ECONÓMICA

Con respecto á oferta económica se ten en conta que as empresas clasifícanse pola orde de mellor a peor, segundo o criterio do "prezo máis baixo". Outórgaselle a puntuación máxima (30 puntos) á oferta máis baixa, aplicándolle o resto das ofertas a fórmula publicada no prego de cláusulas administrativas:

$$P_n = P_m \times O_b / O_n$$

$P_n$  = Puntuación da Oferta

$P_m$  = Puntuación Máxima posible

$O_b$  = Importe da oferta máis baixa

$O_n$  = Importe da oferta que hai que puntuar

A puntuacións das empresas é a seguinte:

	NOME EMPRESA	PREZO POR ANO	PUNTOS (PMxOB/ON)
1	SERVIPLUS SL	45.588,00 €	30,00
2	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	46.873,88 €	29,18
3	ATLANTIC PONTE 2000 SLU	47.999,00 €	28,49
4	ESPROADE SL	48.600,00 €	28,14

### 2. CALIDADE NO EMPREGO

No tocante á calidade no emprego valóranse varios aspectos:

- **Salario Bruto Mensual**, outórgandolle a máxima puntuación (5 puntos) á oferta que supoña o pagamento do maior salario bruto e 0 puntos á oferta que inclúa o menor pagamento do salario bruto, valorándose o resto das ofertas proporcionalmente en porcentaxe.

Neste apartado, a empresa *Serviplus SL* indicou que a figura do coordinador percibiría catorce pagas (dúas extraordinarias) e que a figura do animador percibiría 12 pagas coas pagas extras prorrateadas. A empresa *Arines Obras y Proyectos SL*, indicou que ambos traballadores percibirían doce pagas coa pagas extras prorrateada. As outras dúas ofertas non indican número de pagas motivo polo cal entendemos que serán 12 pagas coas pagas extras prorrateadas.

Para calcular a puntuación de cada empresa aplicamos a seguinte fórmula:

$$P_n = O_n \times P_m / O_a$$

$P_n$  = Puntuación da Oferta

$O_n$  = Importe da oferta que hai que puntuar

$P_m$  = Puntuación Máxima posible

$O_a$  = Importe da oferta máis alta

As puntuacións das empresas facendo o cálculo anual do salario bruto, serían as seguintes:

	NOME EMPRESA	TOTAL SALARIOS	PUNTOS (On x Pm / Oa)
1	ESPROADE SL	34.859,28 €	5,00
2	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	34.800,00 €	4,99
3	SERVIPLUSTOTAL SL	34.294,62 €	4,92
4	ATLANTIC PONTE 2000 SLU	29.170,92 €	0,00

- **Compromiso de subrogación do persoal actual**, outorgando 5 puntos ás empresas que subroguen o persoal que actualmente atende os Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela.

Todas as empresas salvo *Arines Obras y Proxectos SL*, indican o compromiso de subrogación do persoal, polo cal a puntuación neste apartado é a seguinte:

NOME EMPRESA	SUBROGACIÓN
SERVIPLUSTOTAL SL	5
ESPROADE SL	5
ATLANTIC PONTE 2000 SLU	5
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	0

## PLAN DE FORMACIÓN

No relativo a este apartado, valórase a implementación dun plan específico de formación para os traballadores, puntúase a valoración económica de cada actividade outorgando 2 puntos a empresa que teña unha maior valoración económica e 0 puntos á oferta que inclúa a menor valoración, valorándose o resto das ofertas proporcionalmente en porcentaxe. Tamén debían indicar os obxectivos, contidos e número de horas de cada acción formativa, cuestións que especificaron en todas as ofertas salvo *Arines Obras y Proxectos SL*, que non indican os contidos de cada acción (Si que recolle o título, Obxectivos e duración).

Para calcular a puntuación de cada empresa aplicamos a seguinte fórmula:

$$P_n = O_n \times P_m / O_a$$

P<sub>n</sub> = Puntuación da Oferta

O<sub>n</sub> = Importe da oferta que hai que puntuar

P<sub>m</sub> = Puntuación Máxima posible

O<sub>a</sub> = Importe da oferta máis alta

Tendo en conta o sistema de valoración obtivemos a seguinte puntuación:

	NOME EMPRESA	VALORACIÓN ECONÓMICA	FORMACIÓN
1	SERVIPLUSTOTAL SL	6.917,87 €	2
2	ATLANTIC PONTE 2000 SLU	5.500,00 €	1,59
3	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	2.910,00 €	0,74
4	ESPROADE SL	2.550,00 €	0

**VALORACIÓN TOTAL**

Unha vez obtidas as puntuacións en todos os apartados puntuables segundo os criterios de adjudicación, informo de que a empresa que máis puntuación obtén é *SERVIPLUSTOTAL SL*, de acordo co cadro que figura a continuación:

	NOME EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	CALIDADE NO EMPREGO		FORMACION	TOTAL
			SALARIO	SUBROG		
1	SERVIPLUSTOTAL SL	30,00	4,92	5,00	2,00	41,92
2	ESPROADE SL	28,14	5,00	5,00	0	38,14
3	ATLANTIC PONTE 2000 SLU	28,49	0,00	5,00	1,59	35,08
4	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	29,18	4,99	0,00	0,74	34,91

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2016

O Xefe da Concellería de Xuventude



Enrique Vázquez Naveira

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0P5	<i>Expediente</i> CON/5/2016	



### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 48.708,80 euros/ano máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 9 de agosto de 2016, ás 9:20 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas.


**Vocais:** D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **SERVIPLUS TOTAL SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

